


Libros para postobrigatoria



El arte de volar e *El Ala Rota* forman un díptico onde os autores repasan a historia política española do século XX —a caída da monarquía, a segunda república, a guerra civil, a ditadura de Franco, o exilio, a II guerra mundial e o retorno do exilio— a través das vivencias dos seus dous protagonistas.



10 de marzo de 2014, Juan Taboada, comercial do Banco Ovejero, aparece morto no seu domicilio por presunto envenenamento. A inspectora Tabares e o inspector Sotillo deben descubrir qué relación existe entre os crimes recentes e la crise financeira.


Desde a Biblioteca do IES Terra de Soneira queremos compartir as novidades de novela gráfica que fomos adquirindo ao longo deste curso e que están á vosa disposición.

Hai para todos os gustos!

Bo Verán!!



Este verán déixate guiar pola nosas novidades en novela gráfica...




Se queres que os demás che digan o que tes que facer, non leas. Se queres que os demás che digan o que tes que pensar, non leas. Se queres que a publicidade che diga o que tes que mercar, non leas. Se queres vivir coma un robot que outras persoas programan, non leas. Non leas porque a lectura é incómoda. Non leas porque a lectura che revolve a cabeza. Non leas porque a lectura te pon contra as cordas. Non leas, porque a lectura é rebelión. Así que, por favor, é mellor que non leas.

Fran Alonso

Manifesto do escritor Fran Alonso polo **Día do Libro 2018**


Biblioteca
IES Terra de Soneira
Vimianzo

Libros para o 1º ciclo da ESO



Este é un libro para mentes curiosas. Unha obra onde a escritora e mais o ilustrador interactúan co público. Receitas terroríficas, un espectáculo de circo e diversos contidos extra reunidos nun volume pensado, ademais de para ler, para xogar e afondar no universo de Escarlatina, a cociñeira defunta.

Este libro fala de 12 mulleres que conseguiron vencer as barreiras impostas ao seu xénero e dar os primeiros pasos por vieiros transitados ata ese momento só por homes. Mulleres reais e diversas que no seu día foron pioneras en diferentes ámbitos e cuxas historias merecen ser coñecidas e postas en valor.



Libros para o 2º ciclo da ESO




Aqueles que xa sentiron a emoción con *Enrugas* comprenderán con *La casa* que con Paco Roca pouco importa o tamaño dunha historia.




As anécdotas, as ideas e o mundo das mulleres da familia de Ana Penyas están aquí, nesta pequena homenaxe que quere convertelas en protagonistas



El Arte. Conversaciones imaginarias con mi madre busca desmitificar a arte, achegala ao gran público e que a xente corrente entenda que para gozar dun cadro ou dunha escultura non hai que saber, só hai que sentir.



15 Relatos nos que encontramos personaxes cotiáns pero con grandes historias que contar, historias moi diversas, todas guiadas polo fio da morte e do amor.



ZIDROU presenta:
LA ANCIANA
QUE NUNCA JUGÓ AL TENIS
y otros relatos que sientan bien.

Que sucede cando un ancián, un avó, se dedica a trapichear con mercadorías roubadas? Que, moi probablemente, detrás haxa una historia moito maior que descoñecemos.